

XI DÍA da CIENCIA en GALEGO


Video-conferencia de Sonia Villapol Salgado

Só a ciencia nos rescatará da pandemia

Día 16 de novembro de 12:45 a 14 h

para alumnado de 4º da ESO e Bacharelato.

Coñecer o coronavirus para vencelo. Nos últimos meses atopámonos inmersos nunha pandemia e todo cambiou de súpeto. En todo o mundo, o novo coronavirus que causa a famosa enfermidade do coronavirus do 2019 (COVID-19) expándese e apaga vidas. O SARS-CoV-2 chegou sen moito aviso e levamos aprendendo pouco a pouco como se transmite, como infecta e como podemos controlalo ou eliminalo. As vacinas son a única ferramenta para unha inmunidade colectiva e, mentres agardamos por elas, temos que aprender a protexernos e protexer, especialmente ás persoas máis vulnerables. Só coa investigación científica imos saír desta, todos e todas a unha. Nunca antes se fixeran tantos avances científicos contra unha enfermidade en tan pouco tempo.



Hai que seguir a traballar ata dar cos mellores tratamentos e vacinas eficaces e seguras, mais debemos estar certos de que, unha vez máis, a ciencia será quen nos rescate.

Investigadora no Texas Medical Center (Houston, EEUU).

Forma parte do equipo de investigación internacional da COVID-19.